

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 12 DE AGOSTO DE 2013.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D. José Manuel López Hermida

D^a M^a Rosario Balseiro López

D. Leandro Quelle Franco

D. Manuel Angel Meitin Rouco

Ausente:

D. Alberto Santos Vázquez

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día doce de agosto de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DE DATA 10 DE XUÑO DE 2013. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta da sesión plenaria de data 10 de xuño de 2013.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de data 10 de xuño de 2013.

2º) INFORME DE INTERVENCIÓN E TESOURERÍA CORRESPONDENTE Ó SEGUNDO TRIMESTRE DE 2013, EN CUMPLIMENTO DO ESTABLECIDO NO ART. 4 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, QUE MODIFICA A LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente do epígrafe, obrante no expediente.

Pola Interventora Municipal explícanse os aspectos máis salientables do mesmo.

O Pleno Corporativo dáse por enterado.

3º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO DO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL, Nº 10/2013 (DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO), POR IMPORTE DE 169.650,00 €. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente do epígrafe.

Polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables do expediente recollidos na memoria obrante no mesmo que a seguir se transcribe integramente:

“JOSÉ DEMETRIO SALGUERO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal de gasto de capital, obsérvase a insuficiencia de crédito en determinadas partidas do Estado de Gastos.

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acordar a concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos, ou de suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Dita modificación poderá atenderse, entre outros medios de financiación, co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da Liquidación do exercicio anterior e que ascendeu a 2.123.723,11 euros, dos que 2.081.539,27 figuran dispoñibles.

A modificación que se propón refírese aos seguintes gastos e fundaméntase o seu carácter inaplazable nos seguintes argumentos:

- Dótase o crédito necesario para a realización do proxecto denominado "Mellora e recollida de pluviais e rexeneración con hormigón asfáltico nos núcleos de Vilachá, Vilapol e Lamas. (Proxecto 23/13)
- Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal da axuda concedida pola Consellería de Presidencia como consecuencia do reparto do Fondo de Compensación Ambiental en concorrència non competitiva, para a realización da obra "Apertura de Pista Forestal en Regodela". (Proxecto 19/13)
- Dótase crédito para acondicionar o entorno da fonte de San Cristovo, (Proxecto 22/13)
- Dótase crédito para mellorar accesos nos núcleos de poboación de Portocelo, Gondar e Loureiro. (Proxecto 25/13)
- Dótase crédito para a ampliación de accesos e pavimentación do vial de Pumariño.(Proxecto 24/13)

Todos estes proxectos de nova incorporación ao Anexo de Investimentos para 2013 figuran valorados polo Arquitecto Técnico Municipal.

<i>Partida</i>	<i>Denominación</i>	<i>Consign. Inic. + aumentos anteriores por proxecto</i>	<i>Aumento</i>	<i>Consignac. Final</i>	<i>Finalidade</i>
151.609	Urbanismo. Investimento en infraestruturas	0,00	14.500,00	14.500,00	Acondicionamento e muro no entorno da fonte de San Cristovo. (P. 22/13)
453.609	Carreteras. Investimentos en infraestruturas	0,00	29.000,00	29.000,00	Mellora dos accesos en Portocelo, Gondar e Loureiro (P. 25/13)
453.619	Carreteras. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	0,00	60.150,00	60.150,00	Recollida de pluviais e rexeneración asfáltica en Vilachá, Vilapol e Lamas (P. 23/13)
453.619	Carreteras. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	17.903,98	15.000,00	32.903,98	Apertura de pista/ forestal en Regodela
453.619	Carreteras. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	0,00	51.000,00	51.000,00	Ampliación de accesos e pavimentación do vial de Pumariño. (P.24/13)
	TOTAL:		169.650,00	187.553,98	

O presente expediente financíase co remanente líquido de tesourería deducido da Liquidación do exercicio 2.012.

En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de Crédito Extraordinario (por importe de 14.500,00 euros) e Suplemento de crédito (por importe de 155.150,00 euros) nas partidas que corresponde, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 10/2013 de Modificación de Créditos por importe total de CENTO SESENTA E NOVE MIL SEISCENTOS CINCUENTA EUROS (169.650,00 €)

Enterado, o concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 10/2013 do Orzamento Municipal de 2013 por importe de 169.650,00€ reflectido na propostade Alcaldía anteriormente transcrita; sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

4º) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO ART. 1º DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUCENSE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local,

VISTA a renuncia presentada polos Concellos de Abadín e Viveiro a formar parte da Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense o que supón a modificación do Artigo 1 do seus Estatutos.

VISTO o requerimento efectuado pola Mancomunidade unha vez rematado o preceptivo trámite de información pública e recibidos os informes preceptivos da Deputación Provincial e maila Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

Ós efectos do establecido no artigo. 143.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Pola presente propoño ó Concello Pleno a aprobación da modificación do artigo 1 dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense nos termos reflectidos no acordo da Xunta Plenaria de data 3 de decembro de 2012 cuia certificación obra no expediente.

Enterado ó Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión que representan a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita

5º) ROGOS E PREGUNTAS.

- **1º Rogo:** Polo Sr. López Hermida solicítase que, cando sexa posible e para axilizar a xestión e o labor dos membros da Corporación, a documentación dos expedientes que se inclúan na orde do día das sesións plenarias sexan remitidos telemáticamente ós membros da Corporación unha vez convocada a correspondente sesión.

Polo Sr. Alcalde contestase que non existe inconvinte ningún para aceptar dita petición.

- **1ª Pregunta:** polo Sr. López López pregúntase ó Sr. Alcalde que aclare a contradicción existente entre as súas manifestacións na sesión plenaria de data 10 de xuño de 2013 respostando a unha pregunta do grupo municipal do BNG, cando dixo que non existía motivo ningún para sospeitar que a vacante que se ia a producir no cadro de médicos do Centro de Saúde de Xove pola xubilación dun médico no mes de agosto non fose cuberta; e as recentes declaracións publicadas na prensa, nas que acepta o feito de que dita vacante no vai ser cuberta, co cal o centro de saúde de Xove terá un médico menos no seu cadro de persoal.

Polo Sr. Alcalde respostase que no existe contradición ningunha entre as manifestacións do 10 de xuño e as declaracións efectuadas recentemente, xa que hai dous meses non existía información ningunha sobre a posibilidade de que a vacante fose cuberta ou non.

A partir desa data e tendo coñecemento do que estaba a suceder nese intre no concello de Cervo, mantiven unha serie de reunións con representantes do SERGAS e do persoal do centro de saúde de Xove, e nesas xuntanzas púxose de manifesto que o SERGAS ten un criterio único e xeral para toda Galicia que xa foi aplicado en 17 concellos para dotar de prazas de médico ós respectivos centros de atención primaria. Dito criterio, availado por diversas organizacións de saúde pública, é de que ningún facultativo teña asignado o seu cupo máis de 1.500 cartillas. En Xove, neste intre, coa redución derivada da vacante que non se vai cubrir, cada médico pasaría a ter 1.423 cartillas, mentres que no suposto de cubrirse a vacante, cada cupo estaría ó redor das 900 cartillas, isto é moi lonxe dos estándares razoables.

Ademáis, polos Servizos Técnicos do Sergas púxose de manifesto que no Concello de Xove se están a dar tres supostos que ratifican a decisión de non cubrir-la vacante.

Ditos supostos son primeiro que o Concello de Xove está perdendo poboación; segundo que na pirámide poboacional apreciase que Xove é dos Concellos menos afectados de Galicia polo factor de envellecemento da poboación e terceiro que o factor de dispersión da poboación ten moi escasa incidencia no Concello de Xove.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que ademais destes tres factores anteriormente sinalados, a carga de traballo do Centro de Saúde de Xove veráse notablemente reducida pola inminente posta en marcha nos concellos de Burela e Cervo do Plan Piloto de hospitalización domiciliaria.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e trinta minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo